




PROGRAMACIÓN EDUCATIVA MUSEO CAMILO JOSÉ CELA



2023/2024







OBXECTIVOS 2023/2024



QUEN FOI CJC?



- No ano 2018 o Museo Camilo José Cela inaugurou un novo percorrido museográfico, cronolóxico e moito máis visual, que permite coñecer desde múltiples perspectivas a vida e a obra do premio Nobel galego: dende as súas orixes dentro dunha familia de ferroviarios -coa inclusión do Museo do Ferrocarril en homenaxe ao seu avó John Trulock- ata o seu pasamento no ano 2002.
- Unha vida dedicada á escrita, á cultura e na que o poliedro que foi Camilo José Cela emerxe con todo o seu esplendor.
- A programación educativa 2023-2024 presenta novidades: continuamos coas visitas guiadas, as valixas didácticas, as rutas literarias e, ademais, este ano incorporamos novas visitas dinamizadas para Infantil e Primaria, son unha pasada! Non volas perdades!



OBXECTIVOS 2023/2024


- Neste curso escolar celebraremos que cumpren anos dúas das tres novelas de ámbito galego que escribiu Camilo José Cela: "Mazurca para dos muertos" e "Madera de Boj" e faremolo cunha exposición que abarcará todas as obras galegas de CJC. E non nos esqueceremos da nosa "Sarita" - recentemente restaurada- que será un dos maiores reclamos do Museo do Ferrocarril John Trulock. Chu chuuiii!
- Como fin de curso, a nosa gran festa do mes de maio: o "Letreseo", con actividades para todos os públicos cheas de letras, música, teatro e un longo etcétera.
- Lembra: TODAS estas actividades son GRATUÍTAS; só é IMPRESCINDIBLE a reserva previa en calquera dos puntos de contacto da Fundación para unha mellor organización de cada actividade.
- E, se es docente e aínda non estás convencido, ven a visitarnos e explicaremosche in situ en que consiste cada actividade. Será toda unha experiencia. Asegurámoscho!



**AS NOVELAS
GALEGAS DE
CJC**



A "SARITA"



VISITAS DINAMIZADAS



Os amigos de Camiliño

NEW

40 min. Infantil e 1º ciclo de Primaria. Percorrido adaptado aos máis pequenos no que descubrirán, a través da divulgación científica, os segredos que agochan os amigos do Premio Nobel no seu Museo.


Sherlock Holmes chega ao Museo Camilo José Cela

NEW


50 min. Primaria. Percorrido que permitirá aos alumnos aprender, a través da súa misión como detectives, as curiosidades da vida y da obra de Cela desde unha perspectiva científica. Como funciona unha pluma?, a que cheiran as follas dos libros do Museo?, por que? E moitas cousas máis!

Máis aló do escritor

50 min. Secundaria e Bacharelato. Visita á exposición permanente, prestando especial atención ás distintas facetas de Camilo José Cela: escritor, académico, dinamizador cultural, viaxeiro, actor, pintor...



OS NÓSOS OBRADOIROS



Trivial Celiano

Secundaria e Bacharelato.
45 minutos.

Xogo de mesa no que os alumnos deberán amosar o moito que saben ou aprenderon sobre Camilo José Cela durante a visita ao Museo.




Ábrese o pano!

Tódolos públicos.
45 minutos.

Co fin de fomentar as capacidades de creatividade e comunicación, os alumnos reescribirán e interpretarán as partes máis teatrais dalgúns textos de Camilo José Cela.





CAMILIÑO JOSESIÑO VAI AO COLE

VALIXAS DIDÁCTICAS GRATUÍTAS



INFANTIL



1º CICLO
PRIMARIA





2º E 3º
CICLO
PRIMARIA



SECUNDARIA E
BACHARELATO

CONTIDOS

- “Quen vive a carón do tren?” é unha valixa que pretende incentivar a aprendizaxe da lectoescritura e está dirixida ao segundo ciclo de Ensino Infantil.
- “Letras remexidas” está orientada ao desenvolvemento das competencias de lectoescritura e á potenciación da creatividade dos alumnos, e diríxese aos escolares do primeiro ciclo de Ensino Primario.
- “Pequenas historias” é unha valixa didáctica de fomento da lectura, dirixida ás bibliotecas escolares e ao alumnado do segundo e terceiro ciclo de Ensino Primario.
- Para os de Ensino Secundario está dispoñible “Máis aló do escritor”, unha valixa encamiñada á comprensión da actividade e funcións dos museos a través do deseño e creación dunha exposición propia sobre Camilo José Cela no centro escolar.





OUTRAS ACTIVIDADES



Letreseo

Semana das Letras no Museo. Entre o 7 e o 19 de maio de 2024 celebraranse no museo as dúas semanas dedicadas ás Letras para conmemorar o aniversario do nacemento do escritor (11 de maio), o Día das Letras Galegas (17 de maio) e o Día Internacional dos Museos (18 de maio).

Durante estas semanas terán cabida diversas actividades para tódolos públicos e moitos outros actos lúdicos.



Asesoramento ao profesorado

Ofrecemos ao profesorado un servizo permanente de asesoramento para planificar o traballo na aula e a visita ao museo. Para iso estamos a disposición da comunidade docente que desexe recibir información sobre os contidos do museo e/ou preparar a visita á sede con antelación.



Caixa de Letras



MÁIS INFO...

Tódalas actividades son gratuítas
Para reserva ou máis información:



981 81 24 25



visitas@fundacioncela.com



www.fundacioncela.gal



FundacionCela



FundaciónPúblicaCamiloJoséCela



FundaciónPúblicaCamiloJoséCela



fundacioncela





FUNDACIÓN
PÚBLICA GALEGA
CAMILO JOSÉ CELA